

**INFORME XURÍDICO SOBRE A NECESIDADE DE  
AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA DA VENDA DE  
FERROATLÁNTICA SAU AO FONDO DE INVESTIMENTO TPG E  
AS REPERCUSIÓNS DESTA OPERACIÓN SOBRE A CONDICIÓ  
ESENCIAL DE NON SEGREGACIÓN DAS ACTIVIDADES DE  
XERACIÓN HIDROELÉCTRICA NOS RÍOS XALLAS E GRANDE E  
A FABRICACIÓN DE FERROALIXES EN CEE E DUMBRÍA**



**Carlos Aymerich Cano**

Profesor Titular de Dereito Administrativo

Universidade da Coruña

[aymcan@udc.gal](mailto:aymcan@udc.gal)

Por parte da **Confederación Intersindical Galega (CIG)**, solicítase parecer xurídico acerca de:

a) Se a venda de Ferroatlántica SAU require autorización administrativa, de acordo co disposto nos artigos 63 do Texto Refundido da Lei de Augas (TRLA) e 103 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH) e

b) Se as condicións desta venda poden supor un incumprimento da condición esencial de non segregación de actividades

## ANTECEDENTES

Segundo comunicación remitida ao Comité de Empresa de Cee-Dumbría-Centraís Hidroeléctricas, o Grupo Ferroatlántica SAU – filial de Ferroglobe PLC – acordou a venda do 100% das accións da sociedade Ferroatlántica SAU – que comprende as fábricas de Cee e Dumbría e as Centrais Hidroeléctricas nos ríos Xallas e Grande - ao fondo de investimentos TPG que, pola súa vez, encomendará a xestión dos activos á empresa Ithaka.

Simultaneamente, Ferroglobe presentou perante a Administración galega a documentación acreditativa desta venda. A xuízo da empresa abondaría con esta comunicación, non sendo precisa a autorización administrativa previa regulada na lexislación hidráulica xa que, ao seu ver, non existiría unha transmisión do título concesional, que seguiría a ser detentado por Ferroatlántica SAU, senón apenas un cambio accionarial no seo desa sociedade.

Deben lembrarse, como antecedente necesario para a adecuada comprensión da operación, as **sucesivas operacións de escisión** desenvolvidas polo Grupo Ferroatlántica SAU desde 2017:

- A escisión de Ferroatlántica SAU da división industrial que se integraría na nova Ferroatlántica de Electrometalurxia SAU (BORME nº 96 de 24 de maio de 2017). Porén, condicionada a efectividade desta escisión á obtención da autorización de Augas de Galicia do cambio de titularidade das concesións hidráulicas nos ríos Xallas e Grande, suprimindo a prohibición de segregación de actividades, esta non chegou a verificarse.

- A escisión de Ferroatlántica SAU das fábricas de Boo e de Sabón ben como dos servizos centrais, ficando exclusivamente dentro da sociedade escindida as fábricas de Cee e Dumbría e as centrais dos ríos Xallas e Grande (BORME nº 69, de 9 de abril de 2019).

Deste modo, malia non existir formalmente unha novación subxectiva nas referidas concesións hidroeléctricas (pois a persoa xurídica titular segue a ser a mesma – Ferroatlántica SAU), as escisións do resto de activos para se constituíren en sociedades separadas deixouna preparada para a venda ao fondo TPG.

## PARECER XURÍDICO

### I. SOBRE A EXISTENCIA DE TRANSMISIÓN DE APROVEITAMENTO DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEXISLACIÓN DE AUGAS

Formalmente, coa transferencia da titularidade das accións da sociedade concesionaria non se produce unha novación subxectiva da concesión, isto é, a persoa xurídica titular da concesión segue a ser a mesma. No caso que motiva este parecer, Ferroatlántica SAU. Materialmente, porén, os propietarios son diferentes e, por conseguinte, pode variar tamén a súa aptitude para cumprir as condicións da concesión.

En síntese, a controversia estriba en determinar se unha venda por transferencia de accións supón ou non unha transmisión no sentido dos artigos 63 do Texto Refundido da Lei de Augas (TRLA) e 103 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH).

#### 1. Cesión e transferencia de accións e participación sociais na lexislación de contratos públicos

A cuestión tense suscitado no ámbito das concesións de servizo e de obra pública e, en xeral, dos contratos públicos. Trataríase, neste caso, de esclarecer se a transferencia de accións da sociedade contratista ou concesionaria debe cualificarse como unha “sucesión do contratista” das reguladas no artigo 98 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), que apenas precisa ser comunicado ao órgano de contratación ou dunha “cesión de contrato” das contempladas no artigo 214 LCSP que, alén de prevista expresamente nos pregos correspondentes, ten que ser expresamente autorizada polo órgano de contratación.

Confrontado con esta cuestión, o **Consello de Estado** desbota o formalismo para considerar, desde unha perspectiva material ou funcional, que os supostos de cambio de titularidade por transferencia de accións ou participacións sociais da persoa xurídica concesionaria ou contratista tamén deben ser autorizados polo órgano de contratación. Reiterando o criterio sustentado en anteriores ditames, o **Ditame 3375/2001**, relativo ao Anteproxecto de Lei regulado do Contrato de Concesión de Obras Públicas, expón con clareza o parecer deste órgano.

En primeiro lugar, o Ditame acolle unha interpretación funcional da noción de “transmisión”:

*“Ciertamente el término "transmisión" no debe entenderse en sentido rigurosamente técnico, equivalente a acto traslativo, sino en un sentido más amplio y usual: como equivalente a cualquier acto jurídico que provoque, o sea susceptible de producir, un cambio en la persona del concesionario, es decir, la sustitución del primitivo concesionario por otro; **es indiferente cuál sea la técnica concreta empleada, siempre que el resultado sea el indicado: una sucesión o sustitución en la condición de "parte" en la relación jurídico administrativa que implica toda concesión**”.*

A seguir, inclúe a transferencia de accións dentro deste concepto amplo de transmisión para sometela á esixencia de autorización administrativa previa:

*“A juicio del Consejo de Estado, la importancia de la identidad del concesionario no resulta una cuestión menor. A la Administración no le es indiferente quién es el titular de la concesión y las condiciones en que construye, conserva y explota la obra pública. Ello se evidencia en el caso de las concesiones de obras públicas en que la legislación general de contratos de las Administraciones Públicas permite la transferencia de la concesión siempre "que el órgano de contratación autorice expresamente y con carácter previo la cesión" (artículo 114 del texto refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas).*

***Sobre la base de que a la Administración no le es indiferente quién es el titular de la concesión, el Consejo de Estado considera oportuno señalar que, en el desempeño de su función consultiva, ha entendido que "la transferencia de la titularidad de todas las acciones de una entidad concesionaria comporta la transmisión de la concesión" (dictamen núm. 998/94, de 23 de junio de 1994).***  
*Parece evidente que en tal caso no se produce una alteración de la titularidad formal, pero sí de los accionistas o partícipes y, por ende, de los últimos propietarios. Como se ha puesto de manifiesto tanto por la doctrina científica como por la jurisprudencia, el denominado mito de la personalidad jurídica no puede servir ni para justificar situaciones legalmente fraudulentas ni para*

*desvirtuar la esencia de la institución. Es preciso, traspasando los conceptos abstractos y las formas jurídicas, investigar el fondo de las situaciones.*

*En tal caso, el Consejo de Estado proclamó en el mencionado dictamen que "(...) **la transferencia de todas las acciones de una entidad concesionaria comporta la sustitución del concesionario, pues la sociedad es simple reflejo de la actuación, intereses y solvencia de quienes son sus socios; se da una transmisión real de la condición de concesionario; de ahí que deba considerarse que tal supuesto precisa de la autorización administrativa establecida para tal caso, pues la Administración necesita saber en cada momento quién es el concesionario real y cuáles son sus garantías (...)**".*

*Es claro, por tanto, que **los casos de transferencia de la titularidad de todas o parte de las acciones representativas del capital social de una sociedad se equiparan a los de transmisión de la concesión, cualquiera que sea el porcentaje efectivamente transmitido, siempre que suponga una alteración del control efectivo de la sociedad concesionaria**".*

Xa que logo, partindo do "intuitu personae" na escolla do contratista ou concesionario, isto é, en palabras do alto órgano consultivo, que "á Administración non lle é indiferente quen sexa o titular da concesión", o Consello de Estado español chega á conclusión de que os supostos de transferencia de accións – total ou mesmo parcial, desde que supoña unha alteración do control efectivo da sociedade concesionaria ou contratista – deben equipararse aos de transmisión ou cesión da concesión ou do contrato e que, por esa razón, precisan de autorización administrativa previa.

Desde un punto de partida diferente, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) alcanza conclusións idénticas. Neste caso, a xustificación non é o interese da Administración na solvencia e nas garantías da sociedade contratista ou concesionaria senón os intereses dos terceiros competidores que poden verse afectados na medida en que os cambios de propiedade producidos no seo desa sociedade poidan supor unha modificación substancial das condicións reitoras da adxudicación do contrato. É por esa razón que as transferencias de accións son examinadas co prisma da modificación do contrato, para determinar en que medida, materialmente, este cambio de propiedade da entidade adxudicataria pode

representar unha alteración substancial do contrato inicial e, nese sentido, unha fraude da concorrência.

Por iso a **Sentenza do TXUE de 19 de xuño de 2008 (C-454/06)**, diferenza entre as transferencias de accións que non alteran o control da entidade adxudicataria – cualificadas como meras “reorganizacións internas” – daquelas que si o fan, equiparadas a modificacións substanciais do contrato:

*“47. Se as accións da APA-OTS fosem cedidas a um terceiro durante a vigência do contrato em causa no processo principal, estaria em causa não uma reorganização interna do co-contratante inicial mas uma mudança efectiva de co-contratante, o que constituiria, em princípio, uma modificação de um termo essencial do contrato. Tal evento seria susceptível de constituir uma nova adjudicação do contrato na acepção da Directiva 92/50.”.*

Non se oculta que algún sector doutrinal é crítico con esta equiparación entre transferencia de accións e participacións sociais e transmisión do contrato por entender que na actualidade a lexislación reguladora dos contratos públicos non prevé a escolla do contratista ou concesionario en virtude das súas características persoais senón en atención a criterios obxectivos de capacidade e solvencia. Desde este punto de vista, afirmase que

*“quien tenga la propiedad o el control efectivo de la sociedad concesionaria contituye un factor absolutamente ajeno al contrato que, además, puede ser perfectamente desconocido durante toda la vida del mismo”<sup>1</sup>.*

No mesmo sentido xa se pronunciara anteriormente BLANQUER CRIADO:

*“Hoy en día, la caracterización del nexo que une la Administración con el concesionario como un vínculo “intuitu personae”, sólo puede referirse a la ejecución personal de las prestaciones que son objeto del contrato, y a la exigencia a todos los aspirantes a la adjudicación del contrato de una determinada capacidad técnica y solvencia económica, o a las cualidades*

---

<sup>1</sup> Vid. Joan PERDIGÓ SOLÁ, “La transmisión de acciones o participaciones en sociedades concesionarias: continuidad o extinción del contrato”, en *Observatorio de Contratación Pública*, 23/05/2016 (accesíbel en <http://www.obcp.es/index.php/mod.opiniones/mem.detalle/id.228/relcategoria.208/chk.27bff946a5000d823d6033ad7ce93f26>).

*personales que resultan de no estar incurso en una prohibición de contratar. Adviértase que esas circunstancias personales se refieren a la capacidad para contratar (es decir, un requisito que se exige por igual a cualquier empresario que participe en la licitación), pero esos rasgos subjetivos no son los elementos que se valoran para seleccionar la mejor oferta y adjudicar el contrato”<sup>2</sup>.*

Mais mesmo estes autores críticos coa pervivencia do “intuitu personae” que xustificaría a existencia de autorización administrativa previa nos casos de transmisión de concesións de servizo público e de obra pública, incluíndo as verificadas por medio da transferencia de accións ou participacións sociais, vense obrigados a recoñecer que tal afirmación non pode estenderse ás concesións demaniais, cal é o caso das de aproveitamento de augas continentais:

*“No está de más recordar que esa técnica de exigir al concesionario un conjunto de rasgos subjetivos a los que se vincula el otorgamiento de título jurídico habilitante, **sigue existiendo en la actualidad, en el ámbito de las concesiones y las autorizaciones demaniales:** “Las condiciones para el otorgamiento de autorizaciones y concesiones podrán contemplar la imposición al titular de obligaciones accesorias, tales como la adquisición de valores, la adopción y mantenimiento de determinados requisitos societarios, u otras de análoga naturaleza, cuando así se considere necesario por razones de interés público” (artículo 91.3 de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, del Patrimonio de las Administraciones Públicas)”<sup>3</sup>.*

Ou sexa, que mesmo os autores críticos coa equiparación entre transmisión e transferencia de accións no ámbito das concesión de obra e de servizo público – de natureza contractual – recoñecen que a conclusión debe ser outra no ámbito das concesión de dominio público – de carácter unilateral – en virtude da maior discrecionalidade de que goza a Administración no seu outorgamento. En consecuencia, *a fortiori*, a doutrina do Consello de Estado e a xurisprudencia do TXUE antes citadas e referidas a contratos públicos son plenamente aplicábeis, mesmo con maior motivo, ás concesións de dominio público.

---

<sup>2</sup> Vid. David BLANQUER CRIADO, *La concesión de servicio público*, Tirant lo Blanch, València, 2012, páx. 1081.

<sup>3</sup> Cfr., *Ibid.* páx. 1077.



De resto, confirmando o vello adaxio de KIRCHMANN de que *“tres palabras do lexislador abundan para converter en lixo bibliotecas enteiras de doutrina”*, o artigo 214 LCSP pon fin ao debate admitindo abertamente que a cesión do contrato tamén se pode producir a través da transferencia de accións ou participacións sociais. Con efecto, logo de condicionar a admisión da cesión do contrato á súa previsión expresa nos pregos e a esixir a autorización previa expresa do órgano de contratación, o parágrafo último da alínea primeira dese precepto dispón:

*“Cando os pregos prevexan que os licitadores que resulten adxudicatarios constitúan unha sociedade especificamente para a execución do contrato, establecerán a posibilidade de cesión das participacións desa sociedade, **así como o suposto en que, por implicar un cambio de control sobre o contratista, esa cesión de participacións deba ser equiparada a unha cesión contractual para os efectos da súa autorización de acordo co previsto no presente artigo.** Os pregos poderán prever mecanismos de control da cesión de participacións que non impliquen un cambio de control en supostos que estean suficientemente xustificadas”.*

Polo demais, e para eliminar calquera dúbida, a norma explícita de forma clara a xustificación institucional da autorización administrativa previa: tanto o *“intuitu personae”* como a garantía da libre concorrència. Trátase, pois, de verificar por medio desa autorización previa

*“que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado”.*

## **2. Transmisión da concesión e transferencia de accións da concesionaria na lexislación de dominio público**

O estudo da lexislación contractual pública é de interese non só pola evidente proximidade entre as concesións de obra e de servizo público – de natureza contractual – e as demaniais – de carácter unilateral -, mais tamén polo carácter supletorio que a lexislación contractual pública ten respecto da demanial, tal e como dispón o artigo 5.4 LPAP:

*“Os bens e dereitos de dominio público rexeranse polas leis e disposicións especiais que lles sexan de aplicación e, na falta de normas especiais, por esta lei e as disposicións que a desenvolven ou complementen. **As normas xerais do dereito administrativo e, no seu defecto, as normas do dereito privado, aplicaranse como dereito supletorio**”<sup>4</sup>.*

Porén, sen prexuízo desa aplicación supletoria da lexislación contractual administrativa, a propia lexislación demanial, quer a xeral, quer a sectorial, conducen a conclusións idénticas ás alcanzadas no ámbito da contratación pública. Tanto na afirmación da discrecionalidade canto na equiparación entre transmisión da concesión e transferencia de accións ou participacións sociais da entidade concesionaria ben como tamén, en fin, na preocupación por evitar a fraude dos procedementos competitivos de outorgamento desas concesións.

- No que atinxe á **discrecionalidade** da Administración titular do demanio, alén do artigo 91.3 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) supra citado, cabe mencionar tamén o artigo 38 LPG, relativo ás “condicións das autorizacións e concesións” demaniais:

*“A persoa titular da consellaría competente en materia de patrimonio regulará as condicións xerais para o outorgamento de categorías determinadas de autorizacións e concesións sobre bens e dereitos do patrimonio da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que serán publicadas no Diario Oficial de Galicia. Na falta delas, as autorizacións e concesións demaniais deben axustarse ás condicións que aprobe a persoa titular da consellaría á que se encontren adscritos organicamente os bens ou da que dependan as entidades públicas instrumentais que sexan os seus titulares ou os teñan adscritos, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de patrimonio, que será igualmente preceptivo e vinculante cando se pretenda establecer excepcións ás condicións aprobadas con carácter xeral por ela”.*

E, xa no ámbito específico do dominio público hidráulico, os artigos 59.4 TRLA e 93.1 RDPH:

---

<sup>4</sup> En termos similares se pronuncia o artigo 3.1 LPG: “Os bens e dereitos demaniais rexeranse por esta lei e polas disposicións que a desenvolvan ou complementen, así como pola lexislación de aplicación xeral a todas as administracións públicas e pola lexislación básica estatal. Supletoriamente aplicaranse as normas xerais do dereito administrativo e, na súa falta, as normas do dereito privado, civil ou mercantil”.

*“Toda concesión outorgarase segundo as previsións dos Planos Hidrolóxicos, con carácter temporal e prazo non superior a setenta e cinco anos. O seu outorgamento será discrecional, mais toda resolución será motivada e adoptada en función do interese público”.*

No caso concreto das concesións para o aproveitamento hidroeléctrico nos ríos Xallas e Grande das que é titular Ferroatlántica, a Administración hidráulica galega fixo uso desta facultade ao introducir no título concesional unha condición esencial de carácter subxectivo cal é a de vinculación societaria entre esas concesións e a actividade industrial nas plantas de ferroalixes de Cee e Dumbría.

Xa que logo, tal e como veu facendo con normalidade no pasado, Augas de Galicia debe autorizar previamente calquera modificación na persoa do titular da concesión a fin de comprobar se a concesionaria mantén a capacidade e a solvencia precisa para garantir o cumprimento desa condición, mesmo cando a modificación se produza a través da transferencia de accións da sociedade concesionaria.

- Canto á outra xustificación da esixencia de autorización administrativa previa e da **equiparación a estes efectos entre a transmisión da concesión e a transferencia de accións da entidade concesionaria**, cal é o respecto polo principio de concorrencia que era, lémbrese, a razón aducida polo TXUE, esta preocupación tamén está reflectida na normativa demanial, indicar:

a) Todos aqueles preceptos que institúen o concurso como procedemento ordinario para o outorgamento das concesións de dominio público: artigos 93.1 LPAP, 40.1 LPG, 79.2 TRLA e 104 e seguintes RDPH.

b) Indo un paso máis á fronte, as leis sectoriais máis recentes someten expresamente a autorización administrativa as operacións de transferencia de accións ou participacións sociais. Tal é o caso do artigo 92.4 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (TRLPEMM):

*“O alleamento das accións, participacións ou cotas dunha sociedade, comunidade de bens ou outros entes sen personalidade xurídica que teñan como actividade principal a explotación da concesión esixirá a autorización da*

*Autoridade Portuaria sempre que poda supor que o adquirente obteña unha posición que lle permita influír de maneira efectiva na xestión ou control desa sociedade ou comunidade”.*

Este precepto procede do artigo 117 da Lei 48/2003 e xustifícase, tal e como recoñecía a Exposición de Motivos desa lei, pola necesidade de garantir unha competencia efectiva na prestación dos servizos portuarios.

Pola súa parte, o vixente Regulamento Xeral de Costas (RXC), aprobado polo Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, dispón no seu artigo 141.6 que

*“Cando o concesionario sexa unha persoa xurídica cuxa actividade consista no desfrute da concesión, **considerarase transmisión calquera cambio na titularidade das accións ou participacións que supoña substitución dos socios ou accionistas que o sexan ao tempo do outorgamento da concesión, en porcentaxe igual ou superior ao 50 por cento do capital social, ...”.***

c) Esta mesma preocupación pola concorrencia efectiva rexe tamén no ámbito da xeración eléctrica, á luz tanto da normativa estatal como da comunitaria:

- O art. 7 da Directiva 2009/72/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, tamén establece, en relación co *“procedemento de autorización para novas instalacións”*, que *“para a construción de novas instalacións xeradoras, os Estados membros adoptarán un procedemento de autorización, que deberá seguir criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios”* que pode verse complementado, nos termos fixados no art. 8 da Directiva, cun procedemento de licitación *“ou calquera outro procedemento equivalente en canto a transparencia e non discriminación conforme a criterios publicados”* aplicábel, en especial, á xeración de enerxía con fontes renovábeis, tal e como explica o considerando 37 da amentada Directiva:

*“Os Estados membros deben ter a posibilidade de recorreren, por razóns de protección do medio ambiente e de promoción de novas tecnoloxías incipientes, ao procedemento de licitación para a adxudicación de novas capacidades*

*conforme a criterios publicados. Estas novas capacidades inclúen, entre outras cousas, a electricidade procedente de fontes de enerxía renovábeis”.*

- De por parte, o artigo 8. 1 da Lei do Sector Eléctrico (LSE) dispón que a actividade de produción de enerxía eléctrica desenvolverase en réxime de *“libre concorrancia”*.

En conclusión, alén dos argumentos xa examinados respecto das concesións de obra e de servizo público – aplicábeis ás concesións demaniais en virtude do disposto no artigo 5.4 LPAP –, a propia lexislación de dominio público aboa a equiparación entre transmisión de concesións e transferencia de accións da sociedade concesionaria aos efectos de someter ambas as dúas a autorización administrativa previa.

### **3. En particular, as concesións hidráulicas**

No caso concreto das concesións hidráulicas, de conformidade co disposto no parágrafo primeiro dos artigos 63 TRLA e 103 RDPH, *“a transmisión total ou parcial dos aproveitamentos de auga que impliquen un servizo público ou a constitución de gravames sobre eles requirirá autorización administrativa previa”*.

Certamente, nin o TRLA nin o RDPH inclúen expresamente dentro deste concepto de *“transmisión”* a transferencia de accións ou participacións da entidade concesionaria, a diferenza doutras normas demaniais máis recentes como o TRLPMM ou o RXC, todas elas posteriores ao Ditame 3375/2001, de 5 de decembro de 2001 do Consello de Estado. Repárese en que o texto orixinal da Lei de Augas é de 1985 e o seu Texto Refundido de xullo de 2001, en tanto que o RDPH data de 1986. É lóxico, por tanto, que non incorporen unha doutrina elaborada con posterioridade.

Mais, sexa como for, o importante é que nin o TRLA nin tampouco o RDPH exclúen expresamente que a transferencia de accións poda ser considerada transmisión aos efectos do artigo 63 da Lei e 103 do seu Regulamento. De modo que unha adecuada interpretación destes preceptos conduce necesariamente a responder de forma positiva a cuestión, isto é, a cualificar unha transferencia de accións da sociedade concesionaria pola que se altera o control efectivo da mesma como unha transmisión das reguladas neses artigos 63 TRLA e 103 RDPH.

- En primeiro lugar, porque o intérprete non debe restrinxir o sentido dunha norma distinguindo alí onde o legislador non o fixo (*“ubi lex non distinguit, nec non distinguere debemus”*), tal e como declaran, entre outras, as Sentenzas do Tribunal Supremo español de 11 de decembro de 1979 (RJ 1979\4354) e de 15 de xuño de 1981 (RJ 1981\2924).

Lémbrese que para o Consello de Estado a noción de “transmisión” debe entenderse, como *“equivalente a cualquier acto jurídico que provoque, o sea susceptible de producir, un cambio en la persona del concesionario, es decir, la sustitución del primitivo concesionario por otro”*, resultando *“indiferente cuál sea la técnica concreta empleada, siempre que el resultado sea el indicado: una sucesión o sustitución en la condición de “parte” en la relación jurídico administrativa que implica toda concesión”* e que, por conseguinte, non cabe dudar de *“que los casos de transferencia de la titularidad de todas o parte de las acciones representativas del capital social de una sociedad se equiparan a los de transmisión de la concesión, cualquiera que sea el porcentaje efectivamente transmitido, siempre que suponga una alteración del control efectivo de la sociedad concesionaria”*.

Reforzada a conclusión anterior pola incorporación expresa desta interpretación ás máis recentes normas reguladoras do dominio público e, por se este argumento non fose xa de por si suficientemente decisivo, atendido o carácter supletorio da lexislación de contratación pública respecto da demanial, debe afirmarse que dentro da noción de transmisión aos efectos dos artigos 63 TRLA e 103 RDPH debe incluírse a transferencia de accións ou participacións da sociedade concesionaria cando, mesmo non alcanzando o 100% do seu capital, supoña un cambio efectivo do control da concesionaria.

- A maior abastanza, a interpretación finalista destes preceptos – isto é, tomando en conta os fins procurados a través da esixencia de autorización previa desas operacións transmisivas – ofrece un novo apoio á conclusión anterior: con efecto, tanto desde o *“intuitu personae”* – ou, por outras palabras, polo interese que a Administración ten na persoa do concesionario e, en particular pola solvencia e as garantías que supoña para a protección do interese público presente na concesión – como desde a preocupación pola protección da concorrência, imponse unha interpretación funcional ou material e non formalista da noción de transmisión.

Do que se trataría co control administrativo previo representado pola autorización é, precisamente, de verificar que esas operacións transmisivas, sexa cal for a forma sob a que se produzan, non lesionan os intereses públicos e de terceiros en presenza.

Polo contrario, se o mero mantemento formal da personalidade da concesionaria (aínda que materialmente mudasen de forma radical a súa solvencia e garantías) bastase para afastar a autorización administrativa previa, consagraríanse situacións claramente atentatorias contra o interese público – a protección do demanio e o cumprimento das demais condicións esenciais da concesión – e os dos terceiros, quer os competidores da entidade concesionaria, quer os traballadores e traballadoras afectados.

- En fin, completando as previsións da normativa hidráulica básica, a LPG – aplicábel ao caso que nos ocupa en virtude do disposto no seu artigo 1 – ofrece no seu artigo 42.b) un argumento suplementar favorábel a esta inclusión da transferencia de accións dentro da noción de transmisión, ao contemplar como causa de extinción das concesións demaniais a

*“falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do usuario ou concesionario”.*

Repárese, en primeiro lugar, que o precepto que se vén de citar alude non só á “transmisión” mais tamén á calquera outra “modificación” da personalidade xurídica do concesionario, especificando que dentro delas hai que incluír, no mínimo, os supostos de “fusión, absorción ou escisión”. Resulta evidente, pois, a vontade do lexislador galego de fuxir dunha interpretación formalista e acoller, na liña do Consello de Estado, un entendemento amplo e en sentido material destas nocións de transmisión ou modificación da personalidade xurídica da entidade concesionaria dentro das que, con toda clareza, ten cabimento a transferencia de accións da sociedade concesionaria.

De resto, non se perda de vista, tal e como xa foi adiantado nos antecedentes, que foron precisamente as operacións de escisión da sociedade concesionaria – non autorizadas previamente, por certo, por “Augas de Galicia” – as que fixeron posíbel a venda de Ferroatlántica SAU ao fondo estadounidense TPG.

## 5. Conclusión: a necesaria autorización previa da venda de Ferroatlántica SAU a TPG

Da análise á luz dos razoamentos anteriores da venda de Ferroatlántica SAU a TPG, de acordo coa información facilitada ao Comité de Empresa cabe, en primeiro lugar, concluir que esta transferencia do 100% das accións supón unha transmisión que precisa de autorización administrativa previa e que, de conformidade co artigo 42.1.b) LPG, a consumación da venda sen contar con tal autorización é causa de extinción da concesión.

A maior abastanza, a conclusión anterior aínda debe ser reforzada en atención a certas circunstancias específicas que concorren nas concesións das que Ferroatlántica SAU é titular nos ríos Xallas e Grande:

- O outorgamento destas concesións a Ferroatlántica, malia teren sido obxecto dunha modificación substancial (a inclusión da cláusula de vinculación societaria ou non segregación) foi realizada de forma directa e non a través dun procedemento competitivo.

Esta ausencia de concorrencia incrementa a importancia que o “intuitu personae” - isto é, as condicións particulares de solvencia e as garantías ofrecidas por Ferroatlántica – tivo no outorgamento da concesión e, en consecuencia, reforza a necesidade de autorización previa de calquera operación de transmisión ou transferencia que poda afectar a esas condicións que foron decisivas no momento de outorgamento da concesión.

- Alén do interese público presente en todas as concesións hidráulicas (como, entre outros, a protección do demanio e do medio ambiente ou o fomento das fontes de enerxía renovábeis) no caso concreto das referidas concesións nos ríos Grande e Xallas a Administración hidráulica galega decidiu afectalas á protección doutro fin lexítimo de interese público cal é a garantía da actividade industrial nas fábricas de Cee e Dumbría a través dunha condición esencial: a obriga de que a sociedade concesionaria sexa a titular deses centros produtivos.

De feito, cando tivo ocasión de interpretar esta cláusula, o propio Tribunal de Xustiza de Galiza (a través da súa Sentenza nº 379/1996, de 9 de maio, logo confirmada polo Tribunal Supremo na Sentenza de 15 de outubro de 2001) sustentou unha interpretación finalista segundo a cal non supón alteración ningunha daquela cláusula de non segregación incorporada na autorización previa inicial de transmisión das referidas concesións



hidráulicas de Carburos Metálicos a Ferroatlántica, que nunha resolución posterior de autorización da transferencia e da inscrición no Rexistro de Augas da concesión a nome de Ferroatlántica e Banesto Leasing, a Administración autonómica incorporase a obriga de presentar un plano de viabilidade das fábricas de ferroalixes:

*“ ... pues si bien no se incluía expresamente en la autorización provisional la necesidad de presentar un plan de viabilidad que garantice la actividad de ferroaleaciones, **tal condicionamiento es consecuencia de la necesidad de concretar el compromiso de no segregación de las actividades de producción de ferroaleaciones y energía eléctrica, condicionamiento que como esencial aparece en toda la tramitación del expediente**”.*

Á vista desta interpretación xudicial da cláusula de vinculación societaria e do deber da Administración de adoptar cantas medidas fosen necesarias para asegurar a súa efectividade, resulta palmario que cando se produce materialmente unha mudanza na titularidade das concesións a Administración está obrigada, cando menos, a controlar preventivamente se esta alteración afecta á efectividade da referida cláusula. Tomando prestadas as palabras do alto tribunal galego, esa *“necesidade de concretizar o compromiso de non segregación das actividades de produción de ferroalixes e de enerxía eléctrica”* e os deberes que dela derivan para a Administración non caducan: permanecen en tanto as concesións sigan existindo. Máxime cando así o impoñen os artigos 63 TRLA e 103 RDPH.

- Os precedentes administrativos referidos a estas concesións de Ferroatlántica nos ríos Xallas e Grande conducen de forma natural á mesma conclusión. Con efecto, sempre que mudou o socio financeiro de Ferroatlántica, que financiou a concesión a través de leasing, a empresa solicitou autorización previa e Augas de Galicia, logo das comprobacións oportunas, concedeuna lembrando sempre que

*“Calquera alteración na titularidade dos aproveitamentos referenciados ou a constitución de gravames sobre eles, deberá de ser obxecto de autorización administrativa previa, a fin de verificar pola Administración autorizante o*

*mantemento do interese público e xeral así como o cumprimento das condicións concesionais vixentes*<sup>5</sup>.

- É de interese salientar que estas autorizacións referidas a cambios de titularidade da concesión foron concedidas ao abrigo do disposto nos artigos 143 e seguintes do RDPH (relativos á modificacións das características das concesións), máis en concreto en aplicación do disposto no artigo 144 deste regulamento que, entre outras, considera condicións esenciais da concesión cuxa modificación debe ser obxecto de autorización administrativa previa as que afecten á “identidade do titular” da concesión<sup>6</sup>.

Desta constatación pódense tirar dúas conclusións relevantes:

a) Que o TRLA e o RDPH diferencian entre “transmisión” da concesión (art. 63 da Lei e 103 do Regulamento) e “modificación da identidade do titular da concesión” (artigo 64 da Lei e 144 do Regulamento), malia esixir nos dous supostos autorización administrativa previa da Administración concedente.

Daquela, o lexislador hidráulico quixo distinguir de forma expresa as alteracións da persoa concesionaria que envolven un cambio na súa identidade daquelas outras que, como a transmisión operada a través da transferencia de accións, non supoñen formalmente tal cambio de identidade. Tratou pois, ao prever esas dúas vías diferenciadas, de someter a autorización administrativa previa todas as alteracións na persoa titular da concesión, mesmo aquelas que formalmente non supoñen un cambio na súa identidade.

Daquela, atendendo á operación de venda que motiva este informe, podería entenderse que tal suposto non é subsumíbel no artigo 144 RDPH pois é certo que, ao menos formalmente, non hai cambio na identidade do concesionario: segue a ser Ferroatlántica SAU. Mais de non entrar por esa vía, necesariamente debe facelo pola do artigo 103 RDPH – referente ás transmisións que non implican cambio de identidade (xa que, de implícalo,

---

<sup>5</sup> Resolución do Presidente de Augas de Galicia de 30 de setembro de 2002, que autoriza o cambio de titularidade nas concesións consecuencia do exercicio por parte de Ferroatlántica da opción de compra pactada no contrato de leasing suscrito con Banesto Leasing.

<sup>6</sup> Sirva como mostra a alínea cuarta da Resolución citada na nota anterior: “A presente autorización administrativa previa fórmase nos termos previstos no artigo 143 do Real Decreto 849/1986 polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, en canto que se varía a identidade do titular, en relación co artigo 144.1 e 2 do mesmo corpo legal, sen prexuízo do expediente que se orixine a partir da presentación da solicitude de aprobación da transferencia e inscrición no Rexistro de Augas, no que haberá de achegarse documentación correspondente de conformidade co sinalado no artigo 146 do Real Decreto 849/1986. outorgar a autorización administrativa previa solicitada”.

terían que tramitarse de acordo co previsto no xa citado artigo 144) – que tamén require autorización administrativa previa.

b) En segundo lugar, desde o punto de vista da lóxica e coherencia normativas, carecería de xustificación pedir autorización administrativa previa para cambios menores (como, por exemplo, a substitución como cotitulares das concesións xunto con Ferroatlántica de “Novacaixagalicia” por “Novagalicia Banco” e este, pola súa vez, por “Abanca”) e non facelo respecto doutro tan transcendental como é o cambio dos propietarios reais das concesións (e, xunto con elas, das fábricas de Cee e Dumbría).

**En conclusión, sexa pola vía dos artigos 63 TRLA e 103 RDPH ou pola dos artigos 64 TRLA e 144 RDPH, a venda de Ferroatlántica SAU ao fondo TPG (a través da súa representante Ithaka) debe ser autorizada previa e expresamente por Augas de Galicia.**

**Se a concesionaria se limitase a presentar perante a Administración concedente unha mera comunicación, esta deberá cualificala como solicitude de autorización e tramitar e resolver o procedemento correspondente.**

**Para o caso de que a venda se fixese efectiva sen previa autorización de Augas de Galicia, este organismo deberá declarar a extinción da concesión de conformidade co previsto no artigo 42.1.b) LPG.**

## II. ACERCA DE SE A VENDA DE FERROATLÁNTICA SAU A TPG PODE SUPOR UNHA INFRACCIÓN DA CONDICIÓE ESENCIAL DE VINCULACIÓN SOCIETARIA ENTRE AS CONCESIÓE NOS RÍOS XALLAS E GRANDE E AS FÁBRICAS DE CEE E DUMBRÍA

Tal e como se recolle de forma expresa no clausulado das concesións de aproveitamentos hidrioeléctricos nos ríos Xallas e Grande, Ferroatlántica aceptou expresamente a condición de que a titularidade destas concesións debe ir unida á titularidade das fábricas de ferroalixes en Cee e Dumbría:

*“A salvagarda e tutela do interese público de que dispón este aproveitamento, vai inescusablemente unida á continuidade do negocio de ferroaleacións e á non segregación das actividades de produción de ferroaleacións e de produción de enerxía eléctrica tal e como quedou establecido na resolución de 21 de marzo de 1994 ditada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (CPTOPeV) con motivo do cambio de titularidade da concesión de Castrelo e mediante a que se autorizou a transferencia de aproveitamento a favor de Ferroatlántica SL e Banesto Leasing SAF, SA”<sup>7</sup>.*

Tal e como declarou o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza por Sentenza nº 379/1996, de 9 de maio (JUR2016\165345), esta condición ten carácter esencial, de modo que o seu incumprimento determina a caducidade da concesión e a súa extinción.

Dada a relevancia desta condición esencial de vinculación societaria entre as actividades de xeración de enerxía nos ríos Xallas e Grande e a de produción de ferroalixes nas fábricas de Cee e Dumbría, resulta obrigado determinar se a operación de venda de Ferroatlántica SAU a TPG cumpre a referida condición esencial ou se, polo contrario, pode supor un afastamento do interese público que a través dela se pretende protexer.

Unha adecuada resposta a esta cuestión debe partir da análise das condicións desa operación de venda, de acordo coa documentación facilitada polas partes nesa operación – Grupo Ferroatlántica e TPG-Ithaka – ao Comité de Empresa: o Plan Industrial e a Comunicación de 23 de xullo de 2019. De acordo con estes documentos, a venda consistiría sinteticamente en:

---

<sup>7</sup> Resolución de 8 de xaneiro de 2004, pola que se autoriza a modificación da concesión “Novo Castrelo”.

- Transferencia a TPG-Ithaka do 100% das accións de Ferroatlántica SAU, que contén as fábricas de Cee e Dumbría e as centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande. O prezo, segundo informan os medios de comunicación, ascende a 170 millóns de euros.

- Os adquirentes comprométense a realizar investimentos superiores a 14 millóns de euros até o 2023.

- As relacións económicas entre o Grupo Ferroatlántica (GFAT, a vendedora) e Ferroatlántica SAU (FAT, adquirida por TPG-Ithaka) caracterízanse por:

1. GFAT garantirá a FAT o fornecemento das materias primas estratéxicas para a produción de ferroalixes, en condicións equivalentes ás das outras fábricas españolas de GFAT, de conformidade coas necesidades definidas polo director das fábricas de Cee e Dumbría.

2. GFAT comprará toda a produción de FAT, asegurando aos fornos de Cee e Dumbría un tratamento equivalente ao do resto das fábricas de GFAT canto á súa prioridade de operación. En caso de rendabilidade equivalente, GFAT comprométese mesmo a priorizar a operación dos fornos de Cee e Dumbría.

3. GFAT comprométese a realizar a xestión do servizo de interrompibilidade para as fábricas de Cee e Dumbría “baixo os mesmos principios que as súas fábricas españolas”.

4. GFAT comprométese a cubrir todos os custos operativos das fábricas de Cee e Dumbría, incluídos os de persoal, con independencia das condicións do mercado de ferroalixes.

5. As relacións contractuais entre GFAT e FAT estableceranse en todo momento en condicións de mercado.

Da análise destas condicións (que as partes comprométense a plasmar “nos acordos comerciais” que se asinarán simultaneamente coa compra-venda da empresa), cabe concluír que, na práctica, as fábricas de Cee e de Dumbría, a diferenza do que sucede coas centrais, permanecen baixo o control efectivo do Grupo Ferroatlántica. Pois, con efecto, será GFAT o seu único subministrador de materia prima, o único adquirente da súa produción e quen adopte decisións tan relevantes como dar prioridade (ou non) á operación dos seus fornos. E por se o anterior non fose de por si suficientemente ilustrativo, GFAT comprométese tamén, con independencia das condicións de mercado, a cubrir “todos os

custos operativos” das dúas fábricas, incluídos os laborais e a xestionar o servizo de interrompibilidade.

Unhas relacións establecidas sobre estas premisas van alén das relacións comerciais entre dúas empresas independentes e debuxan as existentes entre sociedades pertencentes a un mesmo grupo empresarial. Xuridicamente, podería cualificarse a intervención de GFAT respecto de FAT como a dun administrador de feito, nos termos en que esta figura é descrita nas normas mercantis e penais españolas.

No ordenamento mercantil, o artigo 236.3 da Lei de Sociedades de Capital (LSC), ofrece unha definición auténtica do administrador de feito:

*“A responsabilidade dos administradores esténdese igualmente aos administradores de feito. A tal fin, terá a consideración de administrador de feito tanto a persoa que na realidade do tráfico desempeñe sen título, cun título nulo ou extinguido, ou con outro título, as funcións propias de administrador, como, no seu caso, aquela baixo cuxas instrucións actuaren os administradores da sociedade”.*

O administrador de feito non ostenta as facultades propias que a LSC confire aos administradores designados formalmente. O certo é que non as ostenta de forma aparente, como consecuencia da falta de formalidade e regularización do cargo. Estas actuacións son realizadas polo administrador de dereito, que é quen figura de maneira oficial. Ora ben, isto non impide que, de facto, o administrador de feito sexa quen dirixa a sociedade, exercendo os poderes de decisión sobre a mesma<sup>8</sup>. No caso das relacións entre GFAT e FAT, a administración de feito axústase á descrita no inciso do precepto citado: os administradores de FAT (Ithaka) actuarían “baixo as instrucións de GFAT” no relativo ás fábricas de Cee e Dumbría, pois sería esta empresa a que dirixiría, de facto, a política industrial e laboral nestes centros produtivos.

Nótese que, de conformidade coa xurisprudencia e a doutrina, o administrador de feito pode ser tanto unha ou varias persoas físicas como unha persoa xurídica.

---

<sup>8</sup> STS de 26 de xaneiro de 2007, RJ 2007\1586.

Pola súa parte, interpretando o artigo 31 do Código Penal (CP), que alude á responsabilidade do administrador de feito, a xurisprudencia ten declarado que

*“Por administradores de derecho “se entiende en cada sociedad los que administran en virtud de un título jurídicamente válido y en la sociedad anónima los nombrados por la Junta General (artículo 123 de la LSA; art. 214 del Real Decreto Legislativo 1/2010 Texto Refundido de la Ley de Sociedades de Capital a partir del 1 de septiembre de 2010) o, en general, los que pertenezcan al órgano de administración de la Sociedad inscrita en el Registro Mercantil”.*

*“Los administradores de hecho “serán todos los demás que hayan ejercido tales funciones en nombre de la sociedad, siempre que esto se acredite, o los que ofrezcan alguna irregularidad en su situación jurídica, por nombramiento defectuoso no aceptado, no inscrito o caducado; o prescindiendo de conceptos extrapenales, se entenderá por administrador de hecho a toda persona que por si sola o conjuntamente con otras, adopta e impone las decisiones de la gestión de una sociedad, y concretamente las expresadas en los tipos penales, quien de hecho manda o gobierna desde la sombra”<sup>9</sup>.*

Esta cualificación de GFAT como administrador de feito das fábricas de Cee e Dumbría vén avalada tamén porque, en contra do afirmado na Comunicación ao Comité de Empresa de data 23 de xullo de 2019<sup>10</sup>, Ithaka é unha entidade de moi reducidas dimensións<sup>11</sup> cuxo obxecto social apenas inclúe as

*“energías alternativas”<sup>12</sup>*

e, logo dunha ampliación, tamén

---

<sup>9</sup> STS de 26 de xullo de 2006, RJ 2006\7317.

<sup>10</sup> Na que se afirma que *“Ithaka, representante de los nuevos accionistas y gestor de FAT-Xallas, tiene amplia experiencia en el sector industrial y en generación eléctrica y supone una excelente garantía en la gestión óptima y en la mejora industrial de los activos”.*

<sup>11</sup> De acordo coa edición galega de “Economía Digital”, medio especializado en información económica, do día 6 de xuño de 2019, Ithaka conta apenas con dous empregados – de feito ten máis administradores que traballadores – e a súa facturación en 2016 ascendeu a 1,3 millóns de euros. O seu consello está integrado por persoas procedentes de empresas do sector servizos e da enerxía (FCC, Metrovacesa, Banco de Santander ou Unión Fenosa), sen experiencia aparente no sector industrial. A información completa pode consultarse en [https://galicia.economiadigital.es/directivos-y-empresas/ithaka-una-empresa-con-dos-empleados-para-gestionar-ferroatlantica\\_629735\\_102.html](https://galicia.economiadigital.es/directivos-y-empresas/ithaka-una-empresa-con-dos-empleados-para-gestionar-ferroatlantica_629735_102.html).

<sup>12</sup> BORME nº 113, de 18 de xuño de 2013, páx. 29824.

*“CNAE 3514: a adquisición, suscripción, tenencia, gestión, permuta, venta o transmisión de todo tipo de participaciones, acciones y valores emitidos por cualquier sociedad o entidad, española o extranjera, independientemente del tipo social del emisor, por cuenta propia y sin actuar como interme.<sup>13</sup>”*

Máis claro, auga. O obxecto social de Ithaka revela con toda nitidez que o que esta empresa vai xestionar directamente son as centrais hidroeléctricas nos ríos Xallas e Grande (“energías alternativas”), limitándose canto ao resto – é dicer, as fábricas de Cee e Dumbría – a actuar como xestor das accións de TPG, mais sen dirixir directamente unha actividade industrial sobre a que carecen de calquera experiencia e capacidade.

Outros indicios apuntan na dirección de que a operación de venda, a través da transferencia do 100% das accións de Ferroatlántica SAU a TPG, podería ser unha venda simulada por canto, en realidade, só se estaría a transmitir a propiedade efectiva das centrais, ficando as fábricas baixo o control de GFAT. Tal era, non se esqueza, intención orixinal dese grupo.

Se se compara o prezo da operación (170 millóns de euros) co pactado en 2017 entre Ferroglobe e a canadense Brookfield para a venda das centrais de Ferroatlántica en Galiza e de Hidro Nitro en Aragón (255<sup>14</sup> millóns de euros), descontando o prezo pagado en decembro de 2018 pola venda das centrais aragonesas (18 millóns de euros), é doado concluír que os 170 millóns pagados por TPG a GFAT correspóndense co prezo das centrais nos ríos Xallas e Grande con exclusión dos activos industriais de Cee e Dumbría.

Nótese que a cifra do prezo – 170 – correspóndese coa soma do número de MW das centrais nos ríos Xallas e Grande, do mesmo modo que o prezo de venda das centrais de Hidro Nitro en decembro de 2018 – 18 millóns de euros – correspóndese tamén coa soma de MW das centrais aragonesas, tal e como a propia Ferroglobe recoñeceu<sup>15</sup>. Estas coincidencias non son casuais: responden ao prezo habitual de venda das centrais hidroeléctricas que é de 1 millóns de euros por MW.

<sup>13</sup> BORME nº 119 de 26 de xuño de 2014, pág. 28877.

<sup>14</sup> [https://cincodias.elpais.com/cincodias/2017/02/02/empresas/1486040691\\_660879.html](https://cincodias.elpais.com/cincodias/2017/02/02/empresas/1486040691_660879.html).

<sup>15</sup> “Ferroglobe has entered into a definitive agreement to sell its majority interest in its Spanish subsidiary Hidro Nitro Española S.A. (“HNE”) to an entity sponsored by a Spanish renewable energies fund. HNE operates hydropower plants with **18.9 megawatts** of generating capacity under long-term leases. The Company will receive net proceeds of **circa € 18 million** (\$20.5 million) from the transaction, which it will use to pay down existing indebtedness under its revolving credit facility. This transaction does not require any regulatory approvals and will close on December 31, 2018.” (fonte: <https://investor.ferroglobe.com/news-releases/news-release-details/ferroglobe-announces-sale-non-core-assets-and-standard-poors>).



Habería, daquela, unha simulación contractual relativa: GFAT e TPG realizan un negocio ficticio – venda conxunta das centrais e as fábricas – para encubrir a venda en exclusiva das centrais, co ánimo de defraudar a condición esencial de non segregación societaria entre ambas as dúas actividades, en prexuízo dos traballadores e traballadoras e do interese xeral.

**En conclusión, a venda de Ferroatlántica SAU a TPG pode supor un incumprimento da cláusula de vinculación societaria na medida en que a actividade industrial vai seguir sendo xestionada directamente, de facto, polo Grupo Ferroatlántica. Lémbrese que, lonxe de calquera formalismo, a indicada condición esencial de non segregación debe interpretarse tendo en conta o fin de interese público que con ela se quer lograr: o mantemento da actividade industrial nas fábricas de Cee e de Dumbría.**

**Diante desta situación, a Administración galega debe exercer as facultades de control preventivo que a lexislación hidráulica lle confire para comprobar, antes de que a venda se formalice, se esta operación respecta a condición esencial de vinculación societaria.**

## CONCLUSIÓNS

**1. Sexa pola vía dos artigos 63 TRLA e 103 RDPH ou pola dos artigos 64 TRLA e 144 RDPH, a venda de Ferroatlántica SAU ao fondo TPG (a través da súa representante Ithaka) debe ser autorizada previa e expresamente por Augas de Galicia.**

**Se a concesionaria se limitase a presentar perante a Administración concedente unha mera comunicación, esta deberá cualificala como solicitude de autorización e tramitar e resolver o procedemento correspondente.**

**Para o caso de que a venda se fixese efectiva sen previa autorización de Augas de Galicia, este organismo deberá declarar a extinción da concesión de conformidade co previsto no artigo 42.1.b) LPG.**

**2. A venda de Ferroatlántica SAU a TPG pode supor un incumprimento da cláusula de vinculación societaria na medida en que a actividade industrial vai seguir sendo xestionada directamente, de facto, polo Grupo Ferroatlántica. Lémbrese que, lonxe de calquera formalismo, a indicada condición esencial de non segregación debe interpretarse tendo en conta o fin de interese público que con ela se quer lograr: o mantemento da actividade industrial nas fábricas de Cee e de Dumbría.**

**Diante desta situación, a Administración galega debe exercer as facultades de control preventivo que a lexislación hidráulica lle confire para comprobar, antes de que a venda se formalice, se esta operación respecta a condición esencial de vinculación societaria.**

Este é o meu parecer, que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito